

Remato a lectura deste relato de Juan Tallón tendo presente aquela definición da novela que ofreceu no seu día Henry James: "A novela é a casa da ficción (...) non ten unha senón un millón de fiestras; cada unha das que foi aberta ou pode aínda abrirse. A miña mente vén tamén un texto de *Ficciones* no que Borges interpretaba a obra dun autor imaxinario. "Quain, di Borges, arrepenziouse da orde ternaria e predixo que os homes que o imitarían, optarían polo binario, mais os demiurges e os deuses polo infinito: infinitas historias, infinitamente ramificadas"

En Juan Tallón prodúcese, ao meu entender, a eclósión vaticinada por Borges e ten así mesmo perfecto cumprimento a afirmación de H. James. As fiestras de H. James son portas para Juan Tallón. No seu formato de novela breve, *A pregunta perfecta* encerra innumerables sondaxes sobre o estatuto narratolóxico na posmodernidade, pero tamén hai un argumento: a procura dos vínculos secretos e invisibles entre César Aira e Roberto Bolaño e un diario do propio vivir dun narrador homodixético en diálogo cos seus lectores, as súas obsesións por narrar esa historia. A escultura desas ocultas conexións entre os dous grandes escritores latinoamericanos e a dos significados comúns nas súas vidas e obras; a imposibilidade de que queden relacionadas dúas personalidades tan acu-

No taller do escritor

Vínculos secretos e invisibles

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS



sadas, outorgan sentido a un relato que transforma o vivir cotián do escritor – narrador. Xa que logo, *A pregunta perfecta* tórnase polo mesmo metarelato e tamén paratexto ao modo da non fiction. Un-

ha tematización do acto da escritura que nos permite entrar na casa do escritor e instalarnos no seu taller. O escritor represéntase a si mesmo, e non por narcisismo, o seu nome mesmo figura nos e-mails que recibe de César Aira ou de Michel Lafon, o seu tradutor en Francia. E por suposto canibaliza non só textos alleos, cos que dialoga, senón toda clase de materiais, mesmo epítafios e o teorema de Ruffini porque todos son inputs que deben aproveitar os post-escritores, narradores que narran o novo e am-

Unha obra que nos sutura coa narrativa máis vangardista

plían como nunca as súas fontes de influencia. Así pois, un texto no só metaliterario, senón "intraliterario" xa que todo se aproveita e forma parte do desenvolvemento argumental. En definitiva, a estética da subversión constante nunha obra que excede calquera categorización xenérica, que narra encontros de escritores e non aburre, abre os lindes da prosa galega e nos sutura coa narrativa máis vangardista de hoxe en día.

TALLÓN, Juan, *A pregunta perfecta*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2010, PVP 15 €